

XXXVI Premio Manuel Cabaleiro Goás



ilustre
colexio oficial de médicos
de ourense



Fundación
Galenus Auriensis

O Padroado da Fundación Galenus Auriensis e o Colexo Oficial de Médicos de Ourense,
decidiu convocar o XXXVI Premio "MANUEL CABALEIRO GOÁS"

BASES

1. Poderá participar calquera médico inscrito no Colexio de Médicos de Ourense durante un período superior a seis meses que inclúa o ano 2020.
2. O tema será libre pero deberá ter carácter médico- científico e investigación.
3. O premio serán 2.700 Euros e diploma.
4. Os traballos terán unha extensión máxima de 50 folios numerados tamaño DIN-A4. Deberán estar escritos cun interlineado a 1,5 e con letra modelo "Estafes New Roman" ou "Arial" a tamaño 14 por unha soa cara.
5. O traballo deberá ser presentado nun dos idiomas oficiais da Comunidade Autonómica de Galicia.
6. Os traballos deberán ser inéditos e orixinais.
7. Os traballos deberán dispoñer dunha portada onde figure o título deste e un lema. Acompañaranse dun sobre pechado co lema escrito no seu exterior e os seguintes datos no seu interior: nome e apelidos do autor ou autores e os seus respectivos números de colegiación. Non deberá figurar ningún dato que permita identificar os autores.
8. Os traballos orixinais entregaranse en formato dixital remitidos ó correo electrónico colegiomedico@cmourense.org
Non se admitirán traballos que se entreguen con posterioridade ás 12 horas do día 31 de outubro do 2020.
9. O premio poderá declararse deserto.
10. No caso de que a calidade dalgún traballo o mereza poderá outorgarse unha mención especial premiada con diploma honorífico e 300 Euros.

TRIBUNAL

Presidente:

. O Presidente do Colexio de Médicos de Ourense.

Vogais:

- O/A Xefe/a Territoriais da Consellería de Sanidad ou o seu equivalente regulamentario.
- O Presidente da Academia Médico-Quirúrxica.
- Os Vicepresidentes designados polo ICOMOu.
- O Decano da Facultade de Medicina.
- Un membro designado do Grupo de Formación Continuada do ICOMOu.
- O Director Médico do CHUO ou o seu equivalente regulamentario.
- O primeiro asinante do traballo gañador na edición anterior do Premio.

Secretario:

O Secretario do Colexio de Médicos de Ourense.

O Secretario limitarase a levantar acta da reunión do Tribunal carecendo de voz nas deliberacións e de voto. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente.

Se por motivos xustificados algún dos membros do Tribunal non puidese asistir á reunión do Tribunal deberá remitir o seu voto en sobre pechado ao secretario que o abrirá no momento no que o Tribunal faga a súa deliberación.

11. As decisións do Tribunal serán inapelables salvo incumprimento das bases. Se algún traballo fose excluído do trámite das deliberacións a devandita circunstancia será notificada ao interesado expresando os motivos que o xustifican.

12. O fallo darase a coñecer na última quincena do mes de decembro do 2020. A entrega de premios realizarase en data que se determinará con posterioridade.

13. Autorízase a publicación dos traballos presentados.

14. A participación supón a aceptación destas bases.

COLABORA:



LA MUTUA DE LOS PROFESIONALES SANITARIOS